

Xuño 2010

Matemáticas, Tecnoloxía, Física e Química: Encontro do profesorado ao que prohiben dar aulas en galego

Sumemos en Galego: Continuaremos a dar as aulas na nosa lingua

O venres 18 realizouse en Compostela o Encontro “Sumemos en galego” en que participou o profesorado de matemáticas, física e química e tecnoloxía, convocado pola CIG-Ensino e a Plataforma Queremos Galego e no que interviñeron Anxo Louzao, Secretario Nacional da CIG-Ensino, Carlos Callón, en nome de Queremos Galego, Manuel Díaz, presidente de AGAPEMA (Asociación galega de profesores e profesoras de matemáticas), Pedro Gerpe, presidente de APETEGA (Asociación de profesores e profesoras de tecnoloxía de Galiza), Consuelo Campos, profesora de F. e Q. no IES As Lagoas de Ourense, e Clara Ogando, catedrática de matemáticas do IES Politécnico de Vigo, ambas as dúas profesoras que sempre deron as súas aulas en galego, mesmo durante o franquismo. Ademais estiveron presentes diferentes entidades e asociacións como ENCIGA (Asociación profesores e profesoras de ciencias de Galiza), AS-PG (Asociación Socio-Pedagóxica Galega), A Mesa pola Normalización Lingüística, Comités e ADEGA, ou os profesores Xosé Masa, Marilar Aleixandre, Elvira Cienfuegos, Xosé Manuel Penas Patiño e Pepa Baamonde, estes dous últimos profesores represaliados no curso 1980-81 por dar as súas aulas en galego, entre outros.

No acto, en que participaron preto de 250 profesores/as, a CIG-Ensino manifestou a importancia e a necesidade de que sigamos a impartir as nosas aulas en galego e, neste sentido, concretou que o profesorado contará con todo o apoio do sindicato. O profesorado asistente deixou patente o seu rexeitamento unánime do Decreto 79/2010 que reduce a presenza do noso idioma no ensino e pretende obrigar o



profesorado destas materias a dar as súas aulas en español. Neste contexto **tomáronse os seguintes acordos de resolución:**

Reafirmámonos na nosa vontade de continuarmos a dar aulas en galego

Manifestamos a idoneidade do emprego do galego para a aprendizaxe das ciencias

Entendemos que é absolutamente necesario continuar a impartir as nosas aulas en galego para que a nosa lingua non retroceda na súa presenza nos centros e como medida normalizadora para ampliar o seu uso

Non estableceremos libros de texto en español polo noso desacordo co Decreto 79 e para non contribuir ao malgasto previsto pola Consellaría botando ao lixo os libros aínda vixentes^(*)

Non fixarmos os libros até setembro, pois até setembro non haberá Proxecto lin-

güístico de centro, documento que é o que ten que recoller que materias se impartirán en galego

Faremos explícito centro a centro o apoio ao profesorado que siga impartindo as súas aulas en galego

Promoveremos unha Semana da ciencia galega e un día da ciencia galega.

* Respecto dos libros de texto, despois de ser recollidos no centro, enviaranse á biblioteca para que estean a disposición do alumnado que queira empregalos como material de apoio ás aulas. Por outro lado deberase tender a elaborar material propio do departamento e intercambiar material para o que pomos ao voso dispor a páxina web da CIG: <http://cig-ensino.org/recursos/>.